

UNHA NOVA INSCRICION DUN MILITAR DA LEGIO X GEMINA NA GALLAECIA: A ESTELA DE MALLÓN DE CÍCERE, STA. COMBA (A CORUÑA)

Por Fernando ACUÑA CASTROVIEJO

Lino GORGOSO LÓPEZ

Departamento de Historia I

Universidade de Santiago

Abstract: In the following article, we present a new roman funerary tombstone, found in August of 2005 in Mallón de Cícere (Sta. Comba, A Coruña) during some farm work. The piece, lacks decoration but presents a subtriangular form rare in Northwestern Spain. It is dedicated to *Q. IVLIVS AQVINUS*, private of Legion X Gemina and *Ti. CLAVDIA VRBANA*, perhaps his companion or wife, for *T. IVLIUS FLORVS*, veteran and probable father (the stele is incomplete because it lacks the bottom part and is broken in the middle). The article analyzes this roman funerary tombstone, the near archeological context and gives some keys about the Legio X Gemina and its possible role in the Northwest Spain.

Keywords: Roman Funerary Tombstone, veteran, Legio X Gemina, romanization, first century, archaeological context, Northwest Spain.

CIRCUNSTANCIAS DO ACHADO

A descuberta desta nova mostra epigráfica funeraria aconteceu hai pouco tempo, dende que foi retirada de xeito casual do seu, probable lugar orixinario, nunha finca do lugar de Mallón de Cícere, na parroquia xalleira de San Pedro de Cícere, no Concello de Santa Comba, provincia da Coruña¹.

¹ A Comisión Superior de Valoración de Bens de Interese Cultural para Galicia, na súa reunión do 28 de novembro do 2005, informou favorablemente a proposta de adquisición da estela en aplicación dos artigos 59 e 60 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia e, a proposta do Director Xeral do Patrimonio Cultural, o seu depósito no Museo do Pobo Galego para pasar a formar parte da Colección lapidaria existente no mesmo.

O achado tivo lugar órredor do mes de Marzo do ano 2005, cando un neto de Don Manuel Blanco Novo ó realizar labores agrícolas levantou un grande número de pedras que depositou perto da casa familiar. No mes de agosto, D. Manuel Blanco observou características distintas nas pedras recuperadas e, por iso, consciente da relevancia da súa descuberta, foi quen de atinar á reconstrucción da peza, pegando os dous anacos partidos², pinta-las letras de cor negra e asegurala, para que non volvese a fracturarse, cun ferro no lateral dereito; por último, quixo poñela a disposición pública, e ubicouna na fachada principal da súa casa, sobre un banquiño que xa existía, fixándoa á parede pola súa parte superior.

A mediados do mes de Agosto, visitamos o lugar acompañados polo seu propietario. O terreo está perto da estrada que une As Antes con Brandamil por Vilar de Cértigos, xusto antes de cruza-la pequena ponte sobre o río García (chamada Ponte Arán); a entrada atópase inmediatamente despois de colle-lo desvío cara Labradas, e dende a mesma o terreo vai baixando nunha suave pendente ata rematar no anteriormente citado río, que a divide no seu curso Norte-Sur. No sector Noroeste da finca³ existe unha torreta de media tensión, modificada non hai moito, que é tomada coma unha das referencias do lugar exacto do achado, á dereita da mesma, xa moi próximos ó cauce do río.

Contexto arqueolóxico

O entorno arqueolóxico do lugar de aparición podémolo encadrar en dous niveis, o inmediato xeográfico e outro superior tamén de índole xeográfica pero a maior escala, comarcal máis ben; o primeiro ven marcado pola ubicación de varios xacementos de diferentes épocas nas beiras inmediatas ó xa mencionado río García, todos eles de grande importancia para a poboación da comarca.


O río García nace preto do chamado Monte do Sobreiro e da Cova e vai morrer no Río Xallas nas costas dos Montes Tapia e Costa dos Mouros; nestes escasos doce quilómetros, trascorre por unha superficie maiormente cha, salvando pouco máis de cen metros de desnivel do terreo⁴. No seu curso inicial aínda é un pequeno regato, ós pés do Castro de San Bartolomeu, monte de 482 metros de altitude que exerce un excelente control visual sobre a meseta do Val Alto e Medio do río Xallas. A pouca distancia do mesmo, cara o Sur, o río xúntase co seu afluente o Telleiro, deixando no medio unha zona elevada sobre as brañas e con amplo control sobre

² Compre decir, como se explicará despois na descrición da estela funeraria, que falta a parte final da mesma, interrompendo a última liña, e probablemente un espazo sen gravar inferior a esta. Hai que salientar o feito de que o paisano, sen sabelo, pintou a estela o que polo que hoxe coñecemos era práctica habitual na maioría dos casos no mundo romano.

³ As coordenadas tomadas preto deste punto son X: 511.715 e Y: 4.765.624, se ben advertimos que a localización exacta non puido ser precisada porque os traballos agrícolas realizáronse en varias fincas próximas ó lugar de aparición, aínda que o que sinalamos parece que é o máis probable.

⁴ Dende os 440 metros do seu orixe ata os 321 da desembocadura, dentro da zona elevada que representa a Meseta do Xallas, nun percorrido característico dos regatos desta zona.

as vías de acceso ó interior da comarca, onde se ubica o Monte das Medoñas, lugar no que existe unha mámoa, polo menos. Xa en dirección Sur, o río comeza a tomar corpo, tras pasar polas Devesas do Rei, moi preto do lugar onde nos anos 50 se destruiu a cista ou túmulo, que contiña o coñecido tesouro de Cicere (MONTEAGUDO, 1953: pp.292-294, fig.31; BOVEDA, 1998), formado por un conxunto de pezas de ouro do Bronce I (unha diadema, gargantilla e diversas pulseiras), depositadas hoxe en día no Museo Histórico-Arqueolóxico de San Antón, A Coruña.



□ Mapa 1:25.000 do lugar de aparición da estela, e lugares senlleiros do contorno.

Moi preto deste lugar⁵, está Mallón de Cícere e a Ponte Arán onde apareceu a estela, nas cercanías dunha estrada que foi construída no século XX, e que cecáis afectase de cheo ó contexto inmediato ó monumento. Seguindo en dirección Sur, e tras recibir as augas do río Cícere, atopamos o Castro Laberco, cuas defensas van morrer ó río, que serve de barreira natural polo Oeste, que dispón dun sistema de muros semi helicoidais que levan á croa principal, que aínda conserva un parapeto na entrada. Preto do final do percorrido do río, existe outro recinto castrexo, o de Sixto, hoxe moi alterado pola aldea inmediata e as pistas que a ela conducen; con todo, pódese apreciar moita da súa morfoloxía, sobre todo cara o oeste onde se conserva un completo sistema de terrazas, fincas coñecidas co suxerente topónimo de O Cacharro, que van en dirección ó río, atravesado neste punto por unha ponte, á esquerda da cal, se poden ver unha serie de muros de difícil adscrición, zona coñecida coma O Castro Vello (REY, 1984: 112-142). Un pouco despois desemboca no Xallas, dirixíndose este cara o Suroeste, a poucos quilómetros de Brandomil e do encoro de Fervenza.

Todo o anterior pretende indicar de que xeito actúa este río coma vertebrador dos asentamentos, e das actuais aldeas, conformando unha área a nivel micro de grande riqueza, arqueolóxica, paisaxística e mineira. Neste último caso con especial importancia, pois coincidindo co transcorrer do mesmo, detectouse fai uns anos un filón aurífero coñecido como Banda Milonítica Busto-Limideiro (PAGÉS, 1992: 159), acompañado de vetas de estaño e wolframio, dos que é rica toda a comarca, que forma parte da antiga Reserva Finisterre. Se ben o dito filón abarca un espazo maior que os contornos do río dirixíndose cara o Suroeste (PAGÉS-CHAMBALLE, 1991: 265 et 266) noutra zona con importantes restos arqueolóxicos, coma é o Complexo Brandomil-Pozo Limidoiro⁶ (MONTEAGUDO, 1957: 34; CARRÉ, 1936: 272), compre destacar a correspondencia nas direccións do cauce e do filón, e a importancia que este tería ó longo do tempo na súa explotación, como demostra o xa citado tesouro áureo de Cícere.

No nivel superior que marcábase anteriormente, o Concello de Santa Comba aparece en conxunto coma destacado dentro do panorama epigráfico provincial; a pesar das eivas na investigación, hoxe o número de estelas funerarias aparecidas é igual ou superior ó de outras zonas relevantes no contexto romano do Noroeste, coma Padrón-Iria Flavia, A Coruña, Sobrado-Cidadela ou Santiago, conformando xunto a áreas inmediatas a este concello, ben sexa Zas-Brandomil e Negreira-A Baña, unha porcentaxe máis que significativa, sempre dentro dun ambiente rural.

⁵Nas nas cercanías á ponte existe a capela da Virxe de Rubín, lugar senlleiro na comarca, e onde se venera unha imaxe do Arcanxo matando ó demo; anexa á capela transcorre o río García, que neste punto é milagreiro ó sair dunha fonte medieval.

⁶Neste último lugar é coñecida unha –probable– mina romana en pozo, pero non é a única na zona, un pouco máis ó Norte se ubican as Fosas de Vila (Zás) e As Covas (Sta. Comba); nun recente estudio mineirolóxico (PAGÉS, 1992: 159) se alude á explotación romana dalgunha delas, logo dun sondeo (1985-1990) realizado para unha empresa privada.

Os achados destas inscricións funerarias foron todos casuais, sen que ata o de agora se teña detectado algunha estrutura romana vinculada ás mesmas, aínda que sí algúns materiais tales coma tégulas ou pequenos muretes (Boimente, Busto, ou xa nun ambiente habitacional no xacemento de Alto da Mina, perto do Castro de Turnes en Bazar). Sen pretender analizar a fondo cada peza, ofrecemos unha serie de datos que axudan ó coñecemento e interpretación desta estela de Mallón, situándoa nunha zona ou contexto arqueolóxico referente.

Tódolos epígrafes anteriores aparecen recollidos no estudio feito sobre a provincia de A Coruña (PEREIRA, 1991: *passim*), polo que aquí somentes daremos algunhas referencias.

As inscricións coñecidas son:

1. Estela de Cícere, que figurou na Exposición Regional Gallega, celebrada en Santiago en 1909; ten o interese dos *nomina* dos difuntos (*Caelo, Caesarus*) e das inclusións do origo alusivo ao *Castellum* Berisamo. A morfoloxía superior seméllase algo á desta peza e pode datarse no século I.
Foi depositada, coma tódolos restos epigráficos da Exposición, no Museo da Catedral de Santiago.
2. Estela atopada ó derrubar a antiga igrexa parroquial de Santa Comba. No seu momento xerou controversia a interpretación dada (GARCIA e MILLAN 1971) dos *nomina*, ó considerar coma voces prelatinas un vocabulo que logo foi reconsiderado (PIERNAVIEJA, 1972: 175-176). Consérvase no Museo Provincial de Pontevedra.
4. Miliario atopado no adro da igrexa destruída. Recentemente (CAAMAÑO e NAVEIRO, 1991: 208), coidan que corresponde á época do Galerio (305-311 d.C.).
Tanto o miliario coma a estela, poderían indicar unha reutilización de materiais das inmediateces —segundo descrições cecáis tamén algunhas columnas— vinculados a unha vía de tránsito que probablemente tivese enterramentos nas súas beiras. Está diante da Casa de Cultura de Santa Comba.
4. Estela de Sta. María de Vilamaior, que conserva tan só o arranque dunha decoración que poidera representar un arqueado. O nome tanto do dedicante *Crêticus* como da persoa difunta *M Firmil I(ae)* poderían indicar unha orixe foránea, cecáis un liberto (PEREIRA, 1991: 149). Atópase en posesión dun particular en Ames.
5. Estela de Boimente (Castriz), moi semellante á de Cícere e decida a Saturnina. O lugar da descuberta foi catalogado coma necrópole, pola presenza de restos en dispersión, sobre todo cerámicos, xunto a ela, nunha zona coñecida coma Penedos do Viso, nunha elevación que controla un

amplo val polo que transcorre o Xallas. Atópase no Museo Histórico-Arqueolóxico da Coruña.

6. En Busto (Sta. Sabina), apareceu unha peza no empedrado dunha eira do lugar, onde existen restos constructivos e tégulas, de aí o topónimo «A Pedreira», moi preto do Castro de Sta. Sabina, e nunha área de grande potencialidade agrícola. Pola contra outras informacións indicarían a procedencia da mesma no Castro de San Bartoloméu, moi próximo tamén ó lugar. Neste caso non semella doado distinguir se estamos diante dunha estela ou placa funeraria, dado o mal estado de conservación da mesma, partida na parte superior e inferior (cecáis pola súa reutilización). Interesa a onomástica *Faustus*, *Karia*. Atópase na Casa da Cultura de Santa Comba.

A todas estas mostras, vense a sumar a nova estela. A distribución das pezas dentro do propio concello é netamente marcada, e o novo achado axuda a esta diferenciación, xa que aparecen da metade do territorio ó Norte, cecáis vencelladas ás zonas miñeiras máis ricas ou ben relacionadas con vías de tránsito cara o Val de Bergantiños (dirección Norte) ou Val do Dubra (por Castriz e Vilamaior, cara o Leste).

A onomástica que presentan estas estelas varía moito, xa que temos nomes moi escasos no Imperio e na Hispania, moitos deles indíxenas polo que hai que sinalar que a nova estela é a única na que aparecen os *trianomina* latinos dos persoaxes como logo veremos.

Todo elo contrasta cos epígrafes cercanos de Brandomil (a 6´29 Km en liña recta), nos que predomina unha clara onomástica latina, moi escasa ou única en toda a Península e ata no Imperio (PEREIRA, 1991: 109), sen mostras de nomes indíxenas, o que podería indicar xente foránea, cecáis libertos, vencellada á administración ou ó traballo nas minas, pero que claramente teñen gustos máis refinados, como pode indicar a placa e o frontón funerarios que alí aparecen, propios dun ámbito non tan rural, o que unido ós epígrafes de finalidade votiva (duas aras e unha ós Lares Viais), poderían indicar un centro importante de romanización (PÉREZ, 2002: 301), que actuase coma polo difusor desta polas áreas próximas, quizais axudado por unha vía de tránsito común a todos eses lugares⁷.

⁷Recentemente se ven de producir un achado de TSH en Brandomil, no lugar de Pedra do Altar, que leva a unha cronoloxía aproximada da época Flavia ó s. II d.C. (PÉREZ, 2002: 301 a 302), en datas un pouco posteriores ás que barallamos para a nova peza epigráfica de Mallón. Asimesmo destacar a importancia do núcleo de Brandomil, lugar onde algúns autores ubican a mansión Grandimirum, e sobre a existencia de lendas sobre zonas de enterramento romanas, cidades asulagadas, o Pozo Limidoiro e a mina que seputan a antiga vila cercana, etc. (Monteagudo, 1957, pp 34, Carré, 1936).

Análise do epígrafe

Trátase dunha estela funeraria realizada en granito de dúas micas, de bastante boa calidade⁸ e regularmente conservada, sobre todo logo da rotura que sufriu, presumiblemente no momento no que foi extraída do seu lugar de deposición primario; durante este proceso a pedra parteu pola metade, aproximadamente e mesmo tamén rompeu a parte final, non atopada ata o momento, que contería parte dunha liña, polo menos, e o espazo que se supón estaría destinado a permanecer soterrado ó fincar de pé.

A estela mide 1'31 metros de alto, mentras que o ancho varía ó ser maior na parte inferior, 50 cm. por 43 cm. na superior, se ben hai que indicar que sospeitamos que a pedra sufriu a ruptura parcial do lateral dereito superior ata máis abaixo da metade, debido á posible ausencia de dúas letras finais das liñas 2 e 3 e a disimilitude entre os lados do remate. O grosor tamén varía, dentro dunhas medidas de 7 cm. no lado esquerdo e dereito superior e 8 na parte inferior dereita, a pesar da distorsión dalgunhas zonas por mor do cemento do pegado e do ferro que fai as veces de puntal no lado dereito.

A cartela do campo epigráfico está enmarcada por unha leve regularización do espacio da escrita, que conlevou un pequeno rebaixe conforme ó resto da pedra, e que o seu descubridor resaltou coa pintura, a ámbolos lados, a pesares de que no superior dereito xa se fixo a observación da posibilidade dunha falta leve da masa pétreo, e máis ben correspondería a un encadre hipotético, que non real, existindo tal rebaixe na parte inferior dereita ata a liña oito, e encadrando no mesmo ás últimas letras correspondentes ás liñas dez, once e doce que quedarían fóra do campo epigráfico; as medidas da cartela aproxímase ós 94 por 39 cm de ancho. O remate superior é de forma trapezoidal irregular, polo antedito tamén, a modo de friso sendo as medidas do cumio de 12 cm., 36 cm. na arista esquerda e 20 cm.

Na dereita, e cunha anchura de 32 cm, mentras que o resto do corpo é de forma rectangular irregular; dende o inicio da estela ó enmarque da cartela hai 36 cm. Presenta trece liñas polo menos, a última ilexible, e non se descarta que poideran existir algunha máis. No tocante ás grafías, moitas das letras presentan unha leve cursiva á dereita que non ten que ver cunha inclinación do campo, e se podería considerar un rasgo da escrita, ó igual que outras características morfolóxicas coma o apéndice excesivamente largo das Q ou os S semi inclinados.

As medidas das letras, oscilan entre os 9 cm. das de meirande tamaño, as superiores e algunha do medio, e os 4 cm. das que se atopan ó final, o que indica

⁸O granito existente nas zonas próximas ó achado presenta características semellantes á estela, con boa calidade e tonalidades diferenciadas, se ben indicóusenos que a pedra podería provir da zona máis ó Noroeste do concello, chamado «granito de Pico de Meda», xa en transición ó de tres micas, e de recoñecida calidade na comarca.



unha variación leve pero apreciable, quizais unha certa improvisación ó gravalas. A distorsión entre as liñas 4 e 5 débese ó proceso de pegado, xa que rompeu nesa zona, e o cemento provoca que non encaixe ben —o cemento ten unha anchura

de 12 cm. na esquerda e 28 na dereita, con 4.5 cm. no punto medio (na liña 5) —.

A altura das letras, en centímetros, é a seguinte:

- 1.1: 7.5, 6, 6, 7.5, 7, 6.5, 9
- 1.2: 7, 7.5, 6.5, 6.5, 6, 6.5
- 1.3: 6.5, 7, 6, 6.5, 5.5
- 1.4: 5.5, 4.5, 5.5, 3.5
- 1.5: 6, 5.5, 4.5, 1.5, 6.5, 6, 2
- 1.6: 5, 5, 6.5, 6, 8
- 1.7: 7, 7, 5.5, 6
- 1.8: 7, 6, 7, 5, 4.5, 5
- 1.9: 6, 8.5, 8
- 1.10: 4.5, 4.5, 4.5, 5, 4.5, 5, 5.5, 4.5, 6
- 1.11: 4.5, 4.5, 4, 5.5, 5.5, 5.5
- 1.12: 6, 6, 5, 5
- 1.13: incompletas

A profundidade dos sulcos oscila entre os 0.8 e 0.7 mm. pero son claramente recoñecibles ó estar tan só medianamente estragados, polo que se pode observar logo de ser pintados. Existen interpuncións que indican abreviaturas e separación de palabras.

Texto:

- 1 Q (vintus) (IVLIUS
AQUINU[s]
MIL(es) (L (egionis) (X([Geminae]
AN (norum) (XX [//]
- 5 ET (TI (beria) (CL [au]
DIA (VR
BANA (
AN (norum) XXXV
H (ic) (S (iti) (S (unt)
- 10 T (itus) (IVLIUS (FL
ORVS (VETE
RANV ————— (ilexible)
OA? ————— (ilexible)

Traducción: Quintus Iulius Aquinus, soldado da Legio X [Gemina], de XX?? anos, e Tiberia Claudia Urbana, de XXXV anos, aquí están enterrados. Titus Iulius Florus Veterano////////

A nova peza recolle os nomes de tres persoas, os falecidos e outro, que podería ser o dedicante. Q. Iulius Aquinu(s) e Ti (beria) Claudia Urbana, os defuntos, dos que íl é un soldado da Legio X Gemina, e ela, probablemente, unha liberta imperial de época Xulio-Claudia ó presentar o *trianomina*, cecais de Claudio, observando o seu *Praenomen* e *Nomen*. O dedicante da estela é o que parece ser o pai do primeiro, como indica o *Nomen* compartido, Q (intus) Iulius Florus, que é un veterano, que cecáis fora da mesma Lexión que o seu fillo. Na estela sinálanse as idades dos dous primeiros, falecidos na mesma data ou en días seguidos ó compartir lápida, se ben no primeiro caso só se conservan dúas letras, unha delas pola metade, mentras no segundo caso están todas completas, indicando 35 anos, polo que o seu marido podería estar nun abano reducido neses mesmos parámetros de idade.

Ivlus é o nome mais frecuente en Hispania o mesmo que Claudia (ABASCAL 1994, 151)

A onomástica e o uso do *trianomina*, indica que se trata, de persoaxes dunha orixe itálica, e polo tanto foránea á Gallaecia;. Se analizamos os *Cognomina* persoais de cada un deles podemos pensar que Aquinus podería provir dun derivado dunha antiga etnia do Lazio e Roma (¿da cidade de Aquinum?), vinculado a un xentilicio, é dicir ó orixe (KAJANTO, 1965: 184 et 311), mentras que Urbanus/na tamén podería sinalar o orixe, nome xenérico neste caso, non dunha zona senón dun ámbito habitacional, en oposición a Rusticus; (KAJANTO, 1965: 18). Por último Florus, semella funcionar dun xeito diferente, vencellado ás peculiaridades físicas do corpo enteiro, (KAJANTO, 1965: 233 et 234).

Outro punto relevante xurdiu ó buscar paralelos epigráficos no territorio; xa no seu momento, ó falar da estela de Caelo e o seu pai en Cícere, facíase fincapé na presenza de xente dun castelo dos Cileni (pobo que polas fonte, se supón, oriundo da zona de Caldas de Reis), e agora a moi pouca distancia do antedito achado, temos un miles da Legión X Gemina, unha das poucas mostras epigráficas deste corpo no que hoxe é Galicia salvo outras dúas estelas atopadas en Caldas (unha delas dedicada por un centurión —M. Audax Max.— a tres soldados (ou escravos) mortos, datada en época xulio-claudia (SANTOS, 1998: 209), e a outra da que só se conserva a copia do P. Sobreira, dun centurión deste corpo, que presenta un *Nomen Iulius* coma a recién atopada, e cunha posible cronoloxía entre o 37 e o 63 (BAÑOS 1994, 70).

Por outro lado, a presenza dun veterano, *T. Iulius Florus*, probablemente pai do defunto *Q. Iulius Aquinus*, podería indicar a existencia dun núcleo de habitación

rural e de vivenda cercano, cecáis ubicado no cercano pobo de Vilar de Céltigos (núcleo principal da comarca na Idade Media e centro do arceprestazgo eclesiástico do mesmo nome, Céltigos) ou en Vilariño, topónimos indicadores desta presenza antiga. Con moita seguridade estes veteranos preferiran ubicarse cerca do lugar onde estaban acampados, ou nas zonas próximas, vinculados á *cannabae* ou a pobos cercanos, coma sucede en Petavonium (Rosinos de Vidriales, Zamora).

Destaca o nome completo da muller, moi pouco frecuente. Existen paralelos nos *cognomina* de *Florus* (Vigo, Lugo e Cuntis), e *Urbana* (*Urbanilla*, Berres-A Estrada; en Tarraco un veterano da VII Gemina era chamado *C. Iulius Urbanus*), e máis infrecuente é *Aquinus*. Os *Nomina* son comúns nos tres casos, aparecendo en toda a Península e na Gallaecia (en Caldas de Reis da mesma Legio, a poucos kilómetros en Torres de Nogueira —Seavia, Coristanco— nunha dedicación a Coso, entre outras).

A fórmula final H (ic) S (iti) S (unt), que neste caso se intercala entre os dous difuntos e o posible dedicante, é normal na epigrafía funeraria, non tanto a ausencia da fórmula D(is) M(anibus) S(acrum), que a pesares de ser moi común en tódalas estelas funerarias, xeneralízase a partir do século II d.C., e non antes fóra de Roma e Italia. Os *nomina* figuran en Nominativo, cando o normal, ao ser unha dedicación, aparecerían en dativo, aínda que existen precedentes disto. A tenor do dito, a pertenza a un corpo lexionario que se establece na Hispania nun tempo concreto, a onomástica das persoas, especialmente a da muller, e as características das letras e fórmulas empregadas, lévanos a pensar nunha datación da estela, anterior ó 63 d.C., que é cando o corpo militar marcha para a Xermania.

A Legio X Gemina en Hispania e na Gallaecia

Centraremos a análise nos datos que ofrece a estela sobre as características dos que nela aparecen mencionados, sendo o máis relevante a pertenza dun deles a un corpo militar romano, a Legio X Gemina, sen descartar que o seu pai, ó ser veterano tamén formase parte dese corpo. A continuación ofrecéñse unha serie de datos que poden axudar a entender a vinculación desta Lexión co Noroeste nunha área afastada das principais zonas de presenza romana na Gallaecia.

Sobre a Legio X Gemina, tralo do aínda vixente traballo do Ritterling, actualizado recentemente polas novas descubertas e interpretacións (GOMEZ, 2000, por exemplo) pouco podemos engadir. Por iso limitarémonos a esbozar unhas cantas ideas sobre o seu papel na Gallaecia.

Esta lexión participou nas Guerras Cántabras e despois, cara o ano 15 a.C. instálase no campamento de Petavonium (Rosinos de Vidriales, Zamora), onde permanecería ata o ano 63 cando Nerón a envía ao limes danubiano, agás un curto período, en tempos de Claudio, que está en Africa.

Está claro que a función das lexións romanas, coma a X Gemina, non era exclusivamente militar, alomenos na época que tratamos na Gallaecia,, pois a mesma presenza dunha lexión nun territorio determinado era un factor de romanización da zona, ó acomodarse as poboacións ós costumes e cultura do invasor ou aliado, dependendo de cada situación; a temperá chegada da X Gemina a zonas ata entón non romanizadas, foi moi importante neste senso, ó aportar soldados orixinarios de Italia ou de zonas xa romanizadas intensamente, coma a Gallia Narbonense ou a Bética, como se pode albiscar a partir da onomástica reflexada nas mostras epigráficas (HERNÁNDEZ, 1999: 125), e posteriormente, xa en época Xulio-Claudia, ir incorporando á Legio novas levas de carácter local. Así o parecen indicar as inscricións máis antigas de Emérita Augusta, de xente itálica ou das zonas e urbes máis romanizadas (GÓMEZ, 2000: 180), e semella probable que logo da deductio nesta cidade se reclutasen unidades na Lusitania e Bética (MORILLO e GARCÍA, 2002: 592)

Ó mesmo tempo as lexións desempeñaron un papel clave en postos da administración coma funcionariado nos novos territorios, tanto en provincias coma nos Conventos Xurídicos, ó mesmo tempo que a tropa levantaba as infraestruturas propias do Imperio, como as diferentes vías que comunicaban as capitais, coa enxeñería da metrópole, observable nas pontes que se conservan. A abundancia de inscricións de soldados e oficiais da X Gemina polo territorio do Noroeste e Sur podería indicar a dedicación deste corpo á adecuación do espacio a Roma, ben sexa dende o funcionariado, enxeñería ou control de minas (HERNÁNDEZ, 1999: 124), factor importantísimo no Noroeste, e polo que quizais se explique a presenza dun soldado deste corpo en Cervantes (ARIAS et *alii*, 1979, 94), ou mesmo na zona onde ven de aparecer o novo achado.

A maioría dos autores coinciden nunha certa especialización deste corpo lexionario neste tipo de traballos, e de aí a presenza de *vexillationes* adicadas á mineiría no Noroeste, ademáis do control de vías e obras nelas. Sen embargo non podemos perder de vista a misión pola que chegou aquí esta lexión: o control e sometemento dos pobos, a mesma que logo terá que desenrolar na Panonia, cando o Noroeste xa se comezaba a romanizar e é substituída por unha lexión nova creada con xente de aquí (GÓMEZ, 2000: 190).

Esta política de destacamentos en diversos lugares conlevou mudas en aspectos concretos do Noroeste, nun proceso romanizador local se ben intenso; o recoñecemento exhaustivo do territorio e dos seus recursos fixo que a Legio X Gemina foxe moi móvil ata que se asentou definitivamente en Petavonium, e aínda así semella claro que mantivo efectivos desplazados nas zonas de recursos auríferos e nas vías (CARRETERO e ROMERO, 2005: 219), dende a primeira fase de construción no campamento entre o 15 a.C. e o reinado de Tiberio. O mantemento viario xa apuntado antes, semella confirmado pola distribución das mostras de epigrafía no territorio, entre as que a nova estela é unha máis, laboura moi importante, vinculada á colaboración co goberno en diferentes actividades administrativas ademáis da explotación económica dos recursos.

Recentemente tense proposto a existencia dun destacamento en época de Claudio¹¹ preto do Douro (ALARÇAO, 2005: 79), nun abano de tempo acorde coa que se lle outorgaría tamén á nova estela aparecida en Mallón.

As mostras epigráficas do corpo en Hispania son maioritariamente funerarias, por riba do 80 % fronte ás votivas ou honoríficas; acostuman a ser estelas temperás, de formulario sinxelo e poucos datos de contido, a diferenza das que o mesmo corpo deixa pouco despois en Carnuntum, contendo o origo, tribu, anos de servizo (GÓMEZ, 2000: 180). Nos casos hispanos existe unha diferenciación segundo os postos que ocupan, xa que aparecen coma dedicados e sen dedicante moitos soldados rasos, e cando si teñen dedicante soe ser a familia ou outros membros do exército (GALLEGO, 2002: 539).

A xeito de reconto final, habería que sinalar a existencia de 33 epígrafes funerarios coa nova estela que falan da Legio X Gemina en Hispania ata o momento, se ben algúns deles coma os de Córdoba tan só se supoñen pola época na que se datan. Predominan os *milites* cunha veintena de exemplos entre dedicantes e dedicados, oito veteranos, tres centurións, un *tubicen*, un *aquifer* e un *decurio alae* (figura 1). A ubicación de moitos deles en determinadas zonas urbanas ou campamentais coma Petavonium, Astorga, Jaén, Emérita, Tarraco ou Clunia, contrasta coa aparición de outras estelas en zonas rurais, o que ven a reafirmar a adecuación do corpo ás circunstancias de Hispania nos séculos I a.C. e I da nosa Era.

Consideracións finais

Neste artigo, analizamos un novo documento epigráfico atopado recentemente no convento lucense, nunha zona que conta con un número importante de inscricións. As características da peza (morfoloxía, tipo de letra) e o contido da cartela fan dela un caso interesante no panorama galego, sobor de todo pola pertenza dun dos falecidos a un corpo lexionario concreto e que permanece en Hispania en datas moi limitadas, o que pode servir para un encadre cronolóxico aproximado. A rotura da estela e a ausencia da parte final impide un maior análise. O amplo repertorio de inscricións romanas nunha reducida área do occidente galaico, e o variado das mesmas, incide nunha situación pouco estudada ata o de agora, e que ben seguro revelarase nun futuro cercano, polo que esta peza semella un paso máis na contribución ó coñecemento da realidade galega na Idade Antiga.

A importancia deste achado deriva do feito do destacado papel que os corpos militares, neste caso a Legio X, cumpriron na tarefa da romanización da Gallaecia xa nunca época ben temperá.

BIBLIOGRAFÍA

- ABASCAL PALAZÓN, J. M. (1994), Los nombres personales en las inscripciones latinas de Hispania, Universidad, Murcia
- ALARÇAO, J. (2005), «Legião X Gemina no Baixo Douro no tempo de Claudio», en *Almadán*, nº 13, 2ª Serie, pp. 78-81.
- ARIAS, F., LE ROUX, P. e TRANOY, A. (1979) *Inscriptions Romaines de la Province de Lugo*. CNRS, París.
- BAÑOS RODRÍGUEZ, G. (1994) *Corpus de Inscriçions Romanas de Galicia. Provincia de Pontevedra*, Santiago.
- BÓVEDA FERNÁNDEZ, Mª J. (1998) «O ouro do Bronce en Galicia», en Fábregas Valcarce, R. *A Idade do Bronce en Galicia*, Caderno do Seminario de Sargadelos nº 77, pp. 129-153.
- CAAMAÑO GESTO, J.M. e NAVEIRO LÓPEZ, J. (1991) «Aportaciones al estudio de la red viaria Romana de la Provincia de la Coruña» en *Finisterrae: Homenaxe a A. Balil*, Santiago, pp. 207- 221.
- CARRÉ ALDAO, E. (1936) «Provincia de la Coruña», en Carreras Candi: *Geografía Regional de l Reino de Galicia* , Tomo I, pp. 272-273.
- CARRETERO VAQUERO, S. e ROMERO CARNICERO, Mª V. (2005), «Castrum Petavonium», en *Arqueología Militar Romana en Europa. Actas*. Pérez-González, C. e Illaregui, E. (Coords.), pp. 219-229.
- GALLEGO FRANCO, H. (2002) «La integración social de los militares de la Legio X Gemina a la luz de las fuentes epigráficas de Hispania Altoimperial», en Morillo Cerdán, A. (Coord) *Gladius: Arqueología Militar Romana en Hispania*, Anejos 5, CSIC, pp. 537-544.
- GARCÍA ALÉN, A. e MILLÁN GONZÁLEZ PARDO, I., «Estela de Santa Comba», *Emérita* nºXXXIX, fasc2, pp.363-371
- GARCÍA y BELLIDO, Mª P. (2002) «Labores mineras militares en Hispania. Explotación y control», en Morillo Cerdán, A. (Coord) *Gladius: Arqueología Militar Romana en Hispania*. Anejos 5, CSIC, pp. 19-46.
- GÓMEZ PANTOJA, J. (2000) «Legio X Gemina», en *Les Légions de Rome sous le Haut-Empire. Actes du Congrès de Lyon*, Tomo I, pp. 169-190.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Mª L. e VIDAL ENCINA, J. (2005) «La Legio X Gemina y Astúrica (Astorga-León)», en *Arqueología Militar Romana en Europa. Actas*. Pérez-González, C. e Illaregui, E. (Coords.), pp. 207-219.
- HERNÁNDEZ GUERRA, L. (1999), *Epigrafía Romana de unidades militares relacionadas con PETAVONIUM (Rosinos de Vidriales, Zamora). Estudio social, religioso y prosopográfico*. Centro Buendía nº 65, Universidad de Valladolid.
- JIMÉNEZ de FURUNDARENA, A. (1996), *El origen y la evolución de la Legio X Gemina*. Tesis doctoral, Universidad de Valladolid.
- JIMÉNEZ DE FURUNDARENA, A. e SAGREDO L. (2002), «Los veteranos en la Hispania Romana», en Morillo Cerdán, A. (Coord) *Gladius: Arqueología Militar Romana en Hispania* Anejos 5, CSIC, pp. 555-564.
- KAJANTO, I. (1965) *The Latin Cognomina*, Societas Scientiarum Fennica, Helsinki.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I. (1981), «Dos Nuevos Epígrafes Romanos de la Provincia de La Coruña», en *CEG* nº 32, Santiago, pp. 37-56

- MONTEAGUDO, L. (1953), *Orfebrería del NW hispánico en la Edad del Bronce*, en AEA nº 26, pp. 209-312.
- MONTEAGUDO, L. (1957) *Galicia legendaria y arqueológica. Problemas de las ciudades asulagadas*. CSIC, pp. 6034.
- MORILLO CERDÁN, A. e García Marcos, V. (2000), «Nuevos testimonios acerca de las legiones VI Victrix y X Gemina en la región setentrional de la Península Ibérica», en *Les Légions de Rome sous le Haut-Empire. Actes du Congrès de Lyon*, Tomo II, pp. 589-607.
- MORILLO CERDÁN, A. (2002), «Conquista y estrategia: el ejército romano durante el periodo augusteo y julio-claudio en la región septentrional», en Morillo Cerdán, A. (Coord) *Gladius: Arqueología Militar Romana en Hispania*. Anejos 5, CSIC, pp. 67-95.
- PAGÉS VALCARLOS, J. L. (1992), «Exploración de mineralizaciones auríferas en la banda milonítica Busto-Limideiro», en *Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, nº 17, pp. 156-161.
- PAGÉS VALCARLOS, J. L. e CHAMBALLE, P. (1991), «Indicios de trabajos antiguos de oro», en *Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, nº 17, pp 253-258.
- Pereira Menaut, G. (1991), *Corpus de Inscricións Romanas de Galicia. Provincia de A Coruña*, Santiago.
- PÉREZ LOSADA, F. (2002), «Entre a cidade e a aldea: estudio arqueohistórico de «aglomerados secundarios» romanos en Galicia». *Brigantium* nº 13, Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña, pp. 291-302.
- PIERNAVIEJA, P. (1972) «Sobre la estela de Santa Comba», en *Emérita*, nº XL, fasc. 1, pp. 175-176.
- REY CASTIÑEIRA, J. (1984), «Estudio y Catalogación de Castros de la Provincia de La Coruña», en *Gallaecia* nº 7/8, pp. 59-147.
- SANTOS YANGÜAS, N. (1998), *El ejército y la romanización de Galicia: conquista y anexión del Noroeste de la Península Ibérica*. Universidad de Oviedo.
- VILLANUEVA ACUÑA, M. (2000), «As fontes clásicas e a súa aportación ao coñecemento do Arco Fisterrá», en *As Orixes da Nosa Identidade*, Actas do II Simposio de Historia da Costa da Morte, pp. 87-102.
- VV.AA. (2001) *Catálogo de Patrimonio Histórico-Artístico y Etnográfico para el Plan Xeral de Organización Municipal de Santa Comba* (aprobación definitiva), CEIMSA, A Coruña.




FIGURA 1: As estrelas vermellas indican os lugares de aparición de epígrafes vinculados á Legio X Gemina en Hispania: Astorga (5 epígrafes), Rosino de Vidriales (Zamora) (4 estelas nos arredores do campamento de Petavonium); Vila Nova de Gaia (Oporto) e San Miguel de Odrinhas (Lisboa); Clunia (1 ara votiva), Peña Amaya e Peñalba del Castro (Burgos); Tarragona (2 epígrafes, 1 votivo) e na ponte de Martorell marca lexionaria; Villanueva de la Serena, Jerez de los Caballeros, Mérida (2 epígrafes) e San Juan de Badajoz (*idem*) e Trujillo (Cáceres); Hispalis (Sevilla), Acci, Cortijo de Alcalá/Osuna, Mantesa Bastia e Martos (Jaén); Caldas de Reis (2 epígrafes), San Román de Cervantes —votiva— (Lugo) e Mallón de Cícere (Sta. Comba). A estrela verde correspóndese á Ponte de Martorell (Barcelona).